

# ECOLOXISMO VS ADMINISTRACION

**Sebastián Losada Figueira - Asociación C.E.N. BIOTOPO**

Como todos aqueles que comparten activamente a esperanza de trocar o noso insostible modelo de desenrollo, os ecoloxistas somos conscientes do risco político e social que tales pretensións acollen no seu seo.

A loita en prol deste troco nunca ten sido xusta, pero son xa moitos homes e mulleres os que saíron adiante na defensa da vida no noso Planeta, pero son ainda moi poucos comparados cos que o conseguirán. Esta é unha mesaxe de esperanza, desde a experiencia dunha destas inxustas situacions.

## COMO XUSTIFICAR O INXUSTIFICABLE

O longo da súa existencia, o Movimento Ecoloxista ten pasado, en todo o planeta, por todo tipo de acusacións que contan, as más delas, cun denominador común. Radical, sectario, intraxisente, etc... son calificativos que ensamblan perfectamente no que o autor norteamericano Noam Chomsky, da en chamar o Quinto Filtro da Información. Falamos de adjetivos que non precisan dunha xustificación máis alá da súa propia ambigüedad, non implican a presentación de ningún tipo de proba, pero son sen dúbida un recurso rápido, versátil, cómodo, que os distintos grupos de poder empregan repetidamente para intentar xustificar o inxustificable. Falamos ademáis, dun léxico perfectamente integrado no diccionario proibido dunha maioría dócil e crédula. É, evidentemente, unha arma moi perigosa.

Pero para desgracia de algúns (isto é, para beneficio de todos), o Movimento Ecoloxista ven cobrando unha trascendencia social e política crescente e imparable. A incredulidade inicial da sociedade moderna cara a actual situación de degradación ambiental, que nun principio só os primeiros pioneiros ecoloxistas proclamaban, ten sido sustituída gradualmente por un recoñecemento cien-

tífico, institucional e social xeralizado desta circunstancia. Non podía ser doutro xeito, pois o certo é que os barriles de petróleo, as nubes radioactivas, os residuos sólidos,..., a vida sen vida que se nos quere impoñer, teñen chamado xa demasiadas veces á nosa porta, como para non ouvillas.

Intimamente ligadas, co seu traballo i esforzo, a este proceso de crescente concienciación, numerosas asociacións ecoloxistas internacionais teñen adquirido unha relevancia tal, que lles permita superar as descalificacións que desde os distintos grupos de poder, promotores interesados da desinformación ambiental, se lles lanzan.

Con todo, esta situación non é, nem moi menos, xeralizada. Son moi poucos os colectivos que contan cunha relevancia tal, que lles permita superar as trabas que os poderes establecidos e os seus intereses, instalan no camiño. Moitos outros, deben asumir a miúdo a descalificación pública, que, as más das veces inxusta, non persegue se non o devaluar a súa imaxe cara a opinión pública, facendo do Quinto Filtro de Chomsky un eficaz método de veto.

## DO PLANTEXAMENTO XERAL, A SITUACION PARTICULAR

O pasado 6 de abril o Concello de Oleiros confirmou, mediante notificación escrita, a xa anunciada oralmente expulsión da Asociación C.E.N. BIOTOPO do seu local, sito na Casa da Xuventude de Perillo (Oleiros).

A devandita carta, escrito no tono insultante e provocador que caracteriza ó seu alcalde, Angel García Seoane (inda que firmada -que non escrita- polo Conselleiro Delegado de Xuventude, Daniel Romero Cajigal), confirmaba a evolución natural dunha situación que escomezou o pasado mes de setembro de 1992, cando foi eliminada a Ponencia de Medio

Ambiente, para pasar a depender da de Urbanismo (esto é, do propio García Seoane).

Sen dúbida, tal escrito é merecedor dun amplo debate, demasiado extenso se cadra, para o que é o propósito deste artigo. Sen embargo, sí é obxecto deste texto o destacar unha pasaxe que evidencia a falla de orixinalidade do escritor da nomeada Carta de Expulsión, e que garda unha estreitísima relación cos meus plantexamentos iniciais.

O seu autor refírese ó Colectivo BIOTOPO neste termos: «...destacan pola súa intransixencia con outros pensamentos, ideas ou credos, raiando nunha actitude sectaria e protexéndose nun falso labor ecolóxico». Tales palabras, que pretenden xustificar a súa actuación, só merecen unha referencia a liñas anteriores: é así como xustifican o inxustificable.

Tal é o adjetivo que nos merece a expulsión do noso Colectivo do seu local: inxustificable. Polo menos nos termos nos que eles pretendan facelo. Sí estou seguro de que poderíamos atopar algún outro tipo de explicación, seguramente relacionada coa Revisión do Plan Xeral de Urbanismo, coas futuras rexeneracións de praias, os proxectos de estradas de alta densidade que cruzarán o Concello, as novas pontes sobre a ría,..., ou coa propia personalidade agresiva do Sr. Alcalde cara calquera tipo de oposición. Sen embargo, tales plantexamentos non son necesarios vistas as irrefutables evidencias que presentan os nosos amigos do Concello de Oleiros: actitude sectaria, falso labor ecolóxico, intransixencia,... Terei ouvido isto antes?. Non, seguro que non.

Tras este ataque, que pretende desvirtuar a imaxe dun dos Colectivos más activos do Movimento Ecoloxista na Galiza, están perto de 10 anos de traballo Ecoloxista, Naturalista, de Solidariedade co Terceiro Mundo e os Movimentos de Liberación, está, en definitiva, o intento sincero de defender a vida neste, áinda, maravilloso Planeta.

Frente a isto e unha vez más, unha administración, a oleirense, ante un elemento tan incómodo como é unha Asociación Ecoloxista en activo, fai todo o posible por desvirtuar o seu natural desenrollo. **Nen un paso atrás.**